



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP PLURILINGÜE QUINTELA

Camiño do Colexio, 7 C.P. 36817 Redondela Pontevedra. Código 36018410

Tel.886 110 654 – Fax: 886 110 655

Email:ceip.quintela.redondela@edu.xunta.es

CIF: Q8655459I

Estimadas familias:

Este curso puxemos en marcha no centro un grupo de traballo (conformado por varios membros do Claustro de profesorado) coa idea de dinamizar os espazos exteriores do centro. A iniciativa forma parte dun proxecto de innovación pedagóxica que pretende facer partícipe a toda a comunidade educativa no deseño dun patio máis inclusivo, máis integrador e adaptado á diversidade de intereses e motivacións dos nenos e nenas. Nesta andaina, asesóranos Mar Penela, unha arquitecta e pedagoga cunha dilatada experiencia acompañando a centros educativos no proceso de transformación e renaturalización dos seus espazos.

A finalidade última deste proxecto é levar a cabo unha reorganización do patio escolar, para dar cabida a propostas diferenciadas que conecten coa natureza e dinamizar os espazos exteriores para aproveitar ao máximo o seu potencial lúdico e pedagóxico, non só no tempo de lecer, senón en múltiples momentos ao longo da xornada lectiva. Nesta iniciativa, consideramos fundamental facer partícipes ás familias, dando cabida ás vosas achegas, propostas, suxestións, etc., polo que vos solicitamos que dediqueades un minutos a cubrir a **enquisa** que se atopa na seguinte ligazón <https://forms.gle/RehjTvxp3cSdUnhp7> O formulario estará habilitado **ata o vindeiro 14 de maio**.

Moitas grazas pola vosa colaboración.

Un saúdo.

O Equipo Directivo.